



CRITERIOS PARA ASIGNACIÓN DE MATRÍCULAS DE HONRA ESO

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

Cando o número de alumnos sexa superior ao número de matrículas de honra que se poidan dar, entón asignaranse seguindo estes criterios:

1. Alumnado con maior nota media final
2. Alumnado con maior número de 10 en 4º de ESO
3. Alumnado con maior número de 10 en 3º de ESO
4. Alumnado con maior número de 10 en 2º de ESO
5. Alumnado con maior número de 10 en 1º de ESO

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.